

Olimpíada Matemática Galega de 2.º da ESO 2025

MANUEL VILARIÑO FREIRE

Actividade

Un ano máis, a zona de Lugo de AGAPEMA coordinou a organización en Galicia da Olimpíada Matemática de 2.º da ESO, evento que adoita envolver a 500 estudantes distribuídos en sete zonas, unha por cada unha das principais cidades galegas.

O 24 de abril de 2025 tivo lugar a fase de zona, onde destacaron as sedes de Vigo e Pontevedra con máis de douscentos participantes que afrontaron os problemas propostos nos IES Castelao e IES Xunqueira I, respectivamente. En Santiago, por primeira vez, celebrouse a proba na Aula Magna da Facultade de Matemáticas, mentres que en Lugo tivo lugar no Círculo das Artes, que sería tamén o escenario da Fase Final. O IES Canido en Ferrol, o CFR en Ourense e a Facultade de Ciencias da Educación en A Coruña foron as outras sedes desta xornada.



De toda esta gran participación, só 40 finalistas se deron cita o 15 de maio na cidade das murallas, para disputar a fase final da Olimpiada 2025. O lugar elixido, un ano máis, foi o Círculo das Artes. Non pode haber un sitio máis acaído pola súa solemnidade, historia e beleza.

A proba comezou ás 12 horas e consistiu na resolución de cinco problemas durante dúas horas. O alumnado esforzouse ata o último momento, mentres os acompañantes esperaban no Salón de Columnas cargados de nervios e incerteza.

A seguir, tivo lugar o xantar ofrecido por AGAPEMA nun restaurante céntrico da cidade. Aquí, xa sen a tensión da proba, puidemos relaxarnos, coñecer-nos mellor e compartir experiencias e obxectivos, algo que nos levaremos para sempre deste día.



Despois do xantar celebramos a proba por equipos na Praza Maior, dirixida por Víctor Pollán e coa colaboración dun tempo moi favorable. Mentres tanto, o xurado deliberaba nunha sala do Círculo sobre quen debía ser a representación de Galicia na fase española desta Olimpiada (a OME).

A cerimonia de peche foi no Salón de Actos do Pazo de San Marcos, sede da Deputación Provincial de Lugo, onde se celebraron a entrega de diplomas e agasallos, e o nomeamento de finalistas. Neste momento, sempre recorremos aos nosos amigos Dark Mates e o Jedi Un Kate, que amenizaron a espera co seu humor habitual. Finalmente, o presidente do xurado fixo entrada no recinto cos cinco sobres que contiñan os nomes do alumnado que formaría o cadro de honra desta edición.



Cadro de honra da Olimpíada 2025

Como peche final, fíxose pública a decisión do xurado dos finalistas representantes de Galicia na fase española. Na entrega dos trofeos participou ademais a Deputada Iria Castro, a quen agradecemos a súa presenza no acto.

As persoas galardoadas foron:

🏆 **1.º premio:** Xoel Aneiros Rodríguez - IES Rosalía de Castro (Santiago)

🏆 **2.º premio:** Dylan Simoes Rúa - IES Castelao (Vigo)

🏆 **3.º premio:** Gabriel Rodríguez Pinal - María Auxiliadora (Ourense)

👑 **Mención de honra:** Alba Valeria Cores Iglesias - IES O Carril (Vilagarcía)

💎 **Premio á beleza matemática:** Ariel Torres Calvo - IES Breamo (Pontedeume)



Pero, coma sempre, en Lugo gañamos todos e todas.



Final Española

A final das Olimpíadas Matemáticas júnior e xuvenil, organizadas por primeira vez de maneira conxunta, celebrouse en Albacete cun programa cargado de actividades matemáticas e tempo de lecer, entre o 25 e o 28 de xuño. Foron dúas as acompañantes que se desprazaron á Mancha cos 3 finalistas: Pilar García Agra e Olaya Fernández Rodríguez, que tomaron boa nota da organización que será asumida por AGAPEMA no ano 2026. Queremos agradecer á Sociedad Castellano Manchega de Profesores de Matemáticas o trato recibido e o seu bo facer, que serán un exemplo para o noso labor.



O equipo da Olimpíada Galega

Non poden faltar neste artigo os agradecementos, aínda que non collen todos neste pequeno espazo. Os principais responsables, os que deben levar todo o mérito, son os docentes que ano tras ano xuntan medio millar de rapaces e rapazas de todos os puntos de Galicia. Grazas ao seu compromiso, á súa implicación e á súa amabilidade conseguimos manter vivo e vizoso este evento ano tras ano.

As fases de zona son posibles grazas a unha gran familia de docentes de matemáticas. Os que ceden os locais, os que supervisan a proba, os correctores... Queremos destacar un ano máis o traballo de Cristina Naya en A Coruña, José Jorge Rodríguez en Ferrol, Pilar García en Santiago, Dolores Nieto en Ourense, Marina Germiñas en Pontevedra e Andrea Piñeiro en Vigo.

A organización en Lugo da fase de zona e final correu a cargo de:

- Yara Fernández Queipo (IES Leiras Pulpeiro, Lugo)
- María Olaya Fernández Rodríguez (IES Agra de Leborís, A Laracha)
- Pablo González Sequeiros (Facultade de Formación de Profesorado da USC, Lugo)
- Sonia Ledo Vázquez (IES de Melide, Melide)
- Víctor Pollán Fernández (profesor xubilado)
- Laura Rodríguez Pereira (IES A Pontepedriña, Santiago)
- Ana Torres Campo (IES Gregorio Fernández, Sarria)
- Francisco José Veiga Losada (CPI de Cruz do Sar, Bergondo)
- Manuel Vilariño Freire (IES Leiras Pulpeiro, Lugo)

Vémonos na OME júnior e xuvenil, en Lugo 2026!

Manuel Vilariño Freire

IES Leiras Pulpeiro (Lugo)

<mvilarinho@edu.xunta.gal>